



**CIRCULAR LU03/2017**  
- Aos atletas, adestradores e clubes

**CONTROL DE MARCAS LUGO RUNNING**  
**21 de xaneiro do 2.017**

O *Lugo Running Club* xunto coa colaboración da Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza o **Control de Marcas Lugo Running Club**, o sábado 21 de xaneiro, en xonada de mañá, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

**NOTA IMPORTANTE.** *A disputa deste control de marcas está condicionado a renovación da homologación da pista, informaras coa suficiente antelación se non se disputase.*

**REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2016/17) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

**Art. 2.** As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **13:00 horas do VENRES** anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 3 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** As **listas de saídas** publicaranse na web da delegación: <http://www.fgatetismo.es/lugo/> o venres, anterior as probas, pola tarde.

**Art. 4.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 45 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 5.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 6.** O horario é o seguinte:

HOMES	HORA	MULLERES
<b>SABADO MAÑA</b>		
	12:50	800 m.l. (cad a sen)
1.500 m.l. (cad a sen)	13:00	
	13:10	600 m.l. (cad a sen)
3.000 m.l. (cad a sen)	13:20	
	13:35	3.000 m.l. (cad a sen)

**Art. 7.** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 18 de xaneiro do 2.017

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo

**ORGANIZA:**



**PATROCINA:**

